

As nosas antípodas cada vez mais cerca de desfacerse da pandemia

## **LIBRES DO COVID?**

Open de Australia sen máscara... Así foi posible:

Australia e Nova Zelandia, adoptaron unhas medidas (“as máis esixentes do mundo”) contra o Covid-19, e que consisten en actuar “duro e rápido”.



A pandemia de Covid-19 comezou en Australia o 25 de xaneiro do 2020. Chegou un home de Wuhan e deu positivo en coronavirus.

O virus seguiu propagándose, ao principio con relativa lentitude, o cal non xerou impacto nin preocupación nas autoridades nin na poboación.

Sen embargo, a principios de marzo chegaron as primeiras mortes. As primeiras vítimas foron dous homes de setenta e oito e oitenta e dous anos e unha muller de noventa e cinco.

Na terceira semana de marzo declarouse o estado de emerxencia o cal impedía a celebración de eventos deportivos e esixía o teletraballo de sectores económicos enteiros. Durante este mes recruáronse tamén as medidas de seguridade nas viaxes e fíxose obrigatorio gardar corentena de quince días unha vez chegado ao destino.

En abril limitáronse aínda máis os movementos innecesarios polo interior do Estado australiano, e en concreto por Australia Occidental.

O 15 deste mes, despois dun mes desde que comezaran as restricións, ocorreu o primeiro incumprimento. Un home en Australia Occidental foi detido por violar o illamento obrigatorio.

Neste mesmo mes fíxose moito fincapé publicamente en que a maioría das persoas que contraían a enfermidade, recuperábanse sen problemas, e que non había necesidade de ter medo, pero si de cumprir as normas.

Durante todo maio non aumentaron as medidas de restrición, mais déronse conta de que algúns dos contaxios producíanse no hotel onde gardaban corentena as persoas que viñan de viaxe.

No mes de xuño pasouse á “Fase 4”, que relaxaba un pouco as medidas de seguridade, permitindo que grandes lugares como o Optus Stadium puideran albergar o cincuenta por cento de visitantes. Sen embargo, cada vez que aparecían novos contaxios nunha área determinada, os habitantes de esa área en cuestión, so podían saír para cuestións esenciais.



En xullo recruáronse as medidas con respecto ás viaxes. Cerráronse as fronteiras e moitos voos estaban limitados a cincuenta persoas por avión.

Pouco a pouco a situación foi mellorando ata o punto que, xa en agosto, baixouse un pouco ( de novo) o nivel de restricións .

Permaneceu máis ou menos así ata finais de setembro, cando se anunciou que habería que afrouxar as medidas para poder ter un Nadal o máis normal posible, ó cal o primeiro ministro vitoriano chamou “Nadal normal de Covid”.



En novembro de 2020 consideráronse como punto de referencia vinte e oito días para eliminar o Covid-19 dunha comunidade.

Referíndonos agora ao ámbito dos deportes cabe destacar as medidas que se seguiron ( a maiores das anteriormente descritas ) para poder levar a cabo con total normalidade o Open de Australia 2021: os 72 xogadores e xogadoras foron obrigados a gardar unha corentena de catorce días, nos cales permaneceron nun hotel, illados de calquera contacto con outras persoas. Grazas a este estrito confinamento o partido púidose celebrar sen máscara e sen distancia de seguridade.

[https://es.wikipedia.org/wiki/Pandemia\\_de\\_COVID-19\\_en\\_Australia](https://es.wikipedia.org/wiki/Pandemia_de_COVID-19_en_Australia)

<https://www.rtve.es/deportes/20210119/tenis-medidas-covid-19-open-australia/2067320.shtml>

<https://www.larazon.es/internacional/20200312/cpsmu6lypffyxj6zpdni64ygge.html>



Despois de saber todo isto non cabe dúbida de que os australianos teñen unha gran capacidade para pensar rápido e buscar solucións, pero ademais, tamén foron punteiros e pioneiros na investigación do Covid-19 : o 11 de xaneiro do ano 2020, os científicos australianos xa investigaban unha proteína para neutralizar o coronavirus. E introduciron no mes de marzo dese mesmo ano un novo produto de limpeza que crea unha barreira bioestática que reduce o risco de contaxiarse dun virus ou bacteria.



En resumo, as medidas das nosas antípodas foron moito máis rápidas e eficaces que as nosas. Actualmente hai moi poucos casos activos en Australia e Nova Zelandia xa que, cada vez que aparece un caso novo, confínase a toda a área na que vive para evitar a propagación.

